

Sintomatoloxía e curación de enfermidades tradicionais nas Mariñas coruñesas (I)

LOIS VILAR HERMIDAS*

Sumario

Expoñemos aquí os datos recollidos nos concellos de A Coruña, Carral, Cambre, Culleredo, Abegondo, Arteixo, Oleiros, etc. sobre cómo eran tratadas polos nosos pais e avós estas doenzas que hoxe van caendo no olvido, desaparecendo do noso acervo cultural.

Abstract

We show here information collected in the councils of A Coruña, Carral, Cambre, Culleredo, Abegondo, Arteixo, Oleiros, etc. about how our parents and grandparents treated those illnesses that have been forgotten, disappearing from our cultural heritage.

Tiriza, sombra, belidas, rosa, aire, paletilla, crebaduras, zázaro, treidoras, cámaras, nacidas, cuedo duro, pica, cambra, trozón,.... e tantísimas máis, eran nomes destas doenzas que afectaban unhas ás persoas, outras ao gando, outras o mesmo ás persoas que ao gando, causando estragos na saúde e tamén na economía familiar.

Moitas non son recoñecidas pola medicina actual, algunhas delas si, mais os nosos paisanos tratábanas dun xeito totalmente diferente, e iso é o que nos interesa neste artigo. Diremos que, en contra do que puidese parecer, estes métodos, raros, extravagantes e faltos de rigor científico, conseguían moitas veces a curación do enfermo e, polo menos nun principio, o pobo tiña máis fe nestes métodos que na incipiente ciencia médica.

Baseábanse estes métodos en coñecementos antiquísimos que manaban do saber do pobo, utilizando elementos naturais como auga, pedras, plantas, animais, ou outros que formaban parte do seu contorno como artesas, tesouras, boinas, escritos, encrucilladas. Curandeiros, albeites e incluso o mesmo paisano, curaban estes males que podían levar á morte a mulleres, homes, nenos, vacas, bois, cabalos, porcos, ovellas etc... Estes elementos de curación estarían axudados por ritos que se perden na noite dos tempos, ritos que proviñan de relixións anteriores á implantación do cristianismo. A relixión católica quixo acabar con eles mais non lle foi posíbel, xa que o pobo os seguía usando. Finalmente ritos pagáns e cristiáns acabarían por mesturarse e así perviviron até hoxe.

Pasamos, pois, a describir algunha destas enfermidades e o seu tratamento.

A TIRIZA

A *tiriza*, xunto coa *sombra*, *aire*, *paleta*, *cortar o lume* e algunha outra, é das enfermidades máis lembradas polos nosos avós. A *tiriza*, que era unha enfermidade moi estendida, aínda se segue a curar hoxe en día.

Afecta ás persoas maiores, mais sobre todo aos nenos. Nótase porque a pel de todo o corpo, especialmente as mans e a cara, toma un ton amarelo. O infectado perde a gana de

*Lois Vilar Hermidas, repoteiro gráfico, é autor de varios libros de tema histórico e etnolóxico relacionados co concello de Carral. Así mesmo, publicou artigos sobre toponimia (Sueiro, Culleredo) e aspectos culturais diversos do Monte Xalo. A nivel ecolóxico escribiu outros artigos, ademais de guiños para a TVG.

comer, chegando pouco a pouco á anemia. Pensábase que tiña que ver, sobre todo, co fígado, podendo equipararse en certo modo coa hepatite e incluso coa cirrose, aínda que son enfermidades bastante diferenciadas. De non tratala a tempo podía levar á morte. Certos médicos, aínda con moito receo, recoñécena co nome de *ictericia*.

Pénsase nesta zona que se podía contraer polo costume de colocar os nenos enriba ou ao lado da artesa sobre a que levedaba o pan, ou tamén por mexar sobre determinadas plantas como as ortigas. Collíase tamén por poñerse á sombra de determinadas árbores como a nogueira ou a figueira, ou cando a lúa entra pola fiestra dándolle na cara aos nenos.

O xeito máis utilizado na súa curación é o seguinte: cando se poñía ao sol (estes ritos había que facelos sempre de noite, sendo as 12 a hora máis efectiva) a persoa entendida levaba ao enfermo ao lado dunha fonte que nunca secase, esta fonte podía estar en pleno monte ou perto das casas da aldea. Alí chegaban e sentábase o enfermo poñendo as mans cruzadas nas costas. O sanador collía un vaso de auga e vertíaa sobre as unllas das mans, deixándoa que caese nun recipiente. Ao mesmo tempo que botaba a auga recitaba un ensalmo propio para a ocasión. Aquí nas Mariñas recollemos o seguinte:

Tiriza cochoriza, negra, negra, encarnada, encarnada, azul, verde, de calquera cor que sexas, maldita sexas, vaite para as altas marascaladas, onde non se oía cantar nen galiña nen galo, nen cristiano bautizado. Co poder de Deus e da Virxe María, un Noso Pai e un Ave María.

Despois deste ensalmo rezábase, polo tanto, un Noso Pai e un Ave María. Repetíase esta operación un número impar de veces, xeralmente nove, aínda que podían ser sete e, en ocasións, engadíase outra que sería *polo demo*, por aquilo de que vale máis estar a ben con Deus e co demo por se acaso, e hai que ter amigos até no inferno.

Feito isto volvíase para a casa, mais sempre por outro camiño diferente; tamén valía o mesmo camiño, mais había que ir por unha beira e voltar pola outra.

A auga que se recollera no recipiente había que tirala nunha encrucillada sobre as ortigas.

Hai que facer notar que durante todo este proceso o enfermo non podía dicir palabra, o mesmo que o sanador, que só podía recitar os ensalmos e as oracións.

Todo isto había de repetilo durante os sete ou nove días que duraba o rito.

Había polo menos dous síntomas que nos ían amosando a curación do enfermo. Un era que, ao principio da curación, ao verter a auga que lavaba as unllas, producía burbullas no recipiente onde se recollía; día tras día o número de burbullas era menor até desaparecer nos últimos días. Outro era que as estrugas sobre as que se vertía esa auga contaminada ían secando pouco a pouco; cando secaban de todo a enfermidade ía curada.

Tamén se podía curar a *tiriza* en certos ríos ou regos que tampouco secan nunca, e ademais era imprescindible que a auga non estivese parada. Poñíase ao enfermo a carranchaperna do río e facíase o mesmo rito o mesmo número de días. Outro lugar



Lavadoiro e fonte dos Quenllos (Paleo, Carral).

de curación son os lavadoiros, mais tamén con auga que estivese correndo continuamente. Aos nenos dicíaseles que para non contraer a *tiriza* ollasen durante certo tempo correr a auga nestes ríos.

Tamén recollemos en Sergude (Carral) outra forma de curación, mollando gromos de biouteiro nas augas das fontes que non secan ou nos ríos que non apousan, facendo pola noite nove cruces sobre a pel do enfermo, recitando o ensalmo anterior durante os sete ou nove días correspondentes. Naturalmente o enfermo debería estar sempre en silencio.

Xa en tempos máis modernos, os paisanos ían ás farmacias da Coruña mercar uns polvos dun sabor moi amargo que había que tomar nove días en xaxún para combater a enfermidade.

Como vemos, nesta enfermidade, o elemento curativo é a auga. Esta auga, como veremos noutros capítulos, servía tamén para sanar outros tipos de doenzas. Nun estudo feito en certas parroquias de Carral vemos que estas fontes son moi abundantes.

Así, en Paleo, as máis usadas para curar a *tiriza* son a fonte da igrexa, ao lado da igrexa vella de Paleo, a fonte de Focanos, no lugar do mesmo nome, a fonte mineral de Cabrois, a fonte dos Quenllos, no lugar dos Quenllos, perto do río Brexa, a fonte Novás, en Novás, o lavadoiro de San Amaro, perto do límite con Tabeaio, e no mesmo río Brexa, ao lado da ponte sobre a que pasa a estrada da Coruña-Santiago.

En Quembre temos a fonte de Salgueiros, a de Paiolante, e a do Picho en Cimadevila.

En Sumio temos a das Meigas, en pleno Monte Xalo, a de Val de Riba, no Lamegal, a da Costa da Egoa, a do Lavadoiro de Galgáns, a de Montemeán, a de Curtis, a da Plata en Xocín, a do Curro e a do Ribao na Cabra de Arriba, e no mesmo río Barcés, ao lado da ponte de Xocín.



Ponte dos Pasos no río dos Pasos (sergude, Carral).

En Veira están as de Aldea no Canedo, Sosventanas, no Pazo das Cadeas de Herves, a dos Cregos e a da Volta do prado de Bao, en Herves, a do lavadoiro de San Roque e a da Camposa nas Travesas, a de Ramasquido nas Teixoeiras, a de Santa Mariña na igrexa de Veira, a do frade, que ten lavadoiro, no Porriño, as do Curro e Brañón, tamén con lavadoiro, no Curro, a fonte fresca en Mella, a fonte do Gundisal, e o lavadoiro do río de Ladeiro, perto do límite con Quembre.

En Tabeaio destacan as fontes de Belvís, nese mesmo lugar, a de Nilles, perto do límite de Tabeaio con Castelo, a da Peneira en Vilamouro, a da Melra, na Cambela, a Lameira, perto do Pazo da Lameira, a do Boqueixón en Gosende, e tamén no río Breixa no paso por este Concello.

En Sergude temos a do Picho, no límite Sergude-Cañás, tamén neste mesmo límite curábase a *tiriza* no chamado río dos Pasos.

Por falar dun lugar xa fóra dos límites de Carral, temos en Sueiro (Culleredo) as fontes da Rascañeira, do Coto e Fonte Longueiral no Barrio, da Cerqueira en Fornos, a Fonte das Meigas no límite de Tabeaio, e o lavadoiro de Fontán. Hai que dicir que aquí había un lugar, o lavadoiro da Fraga, onde se lavaba a roupa que o enfermo usara cando tiña a *tiriza*. Alí ía toda a parroquia só lavar a roupa destes enfermos e non ningunha outra, para impedir que a enfermidade contaxiase outras augas e se estende por toda a parroquia.

Veremos noutros capítulos como estes ritos de non falar con ninguén, de ir por un camiño e vir por outro, de facelo pola noite, de repetir un número impar de veces e outras cousas máis, teñen unha determinada explicación. Mais agora, para non estenderme moito, imos falar doutra enfermidade moi grave e contaxiosa que aínda hai uns corenta anos afectaba aos nosos paisanos.



Restos do lavadoiro da Fraga (Sueiro, Culleredo).

A TOSFERINA

Caracterizábase esta enfermidade por unha tose violenta e repetitiva, vómitos, cianose (coloración azulada na cara), inflamación das veas do pescozo e que ás veces se complicaba con pneumonía, chegando a producir a morte do enfermo.

Naqueles tempos en que había poucos médicos ou simplemente os medios económicos non permitían tal dispendio, ou máis ben porque o pobo herdaba un gran feixe de sabiduría popular transmitida por xeracións anteriores, unha parte da poboación recorría á curación da toseferina de, polo menos, catro formas diferentes.

A primeira era tomando unha infusión de froumas (follas de piñeiro novas). O paisano tiña que recollelas pola noite, xa que en todos estes casos de menciña popular dicíase que o sol eliminaba as propiedades das plantas. Había que ir ao pino por un camiño e volver por outro sen falar con ninguén e, unha vez collidas as froumas, dábanse *nove voltas e unha polo demo* arredor do piñeiro rezando un Noso Pai e un Ave María en agradecemento á árbore.

Máis espectaculares aínda eran as dúas seguintes formas de curar a enfermidade.

Antes da saída do sol ou despois da súa posta recollíanse caracois valendo só os que gabeaban polas paredes de pedra. Metíanse logo nun cacharro de barro que se cubría para que non escapasen. Isto colocábase toda a noite na fiestra, no tellado ou no hórreo para que collese o resío da noite. Antes de abrir o día recollíanse os caracois e, cun pano de estopa, esmagábanse apretando ben. O zume que saía botábase nun vaso con abundante azucre e dábanse culleradas deste xarope ao enfermo.



Pinaretas (follas novas de pino).



Estación do Norte (1910) na Coruña.

Outro método sen dúbida igual de sorprendente era o seguinte:

Hai que coller unha cóbrega viva. A mellor maneira é saltar sobre ela pisándolle ao mesmo tempo a cabeza e a cola. Cunha fouce ou un coitelo cortábanselle inmediatamente esas dúas partes, xa que o paisano cría que nelas se gardaba o veneno. O resto do corpo levábase para a casa e sacábaselle a pel e a carne, deixando só o esqueleto que se poñía a secar colgado na cocíña, na cambota da lareira ou no hórreo. Era frecuente ver nalgunhas casas os esqueletes das cóbregas colgados neses sitios. Cando se necesitaban cocíase o esqueleto en auga botándolle un anaco de touciño que, segundo pensaban, recollía o veneno que aínda podía quedar na cóbrega. A auga que quedaba de cocer o esqueleto, dábaselle ao enfermo.

Finalmente, outro método moi utilizado era respirar o fume producido pola queima de carbón. Tiña especial importancia o producido nas fábricas de gas de iluminación, e alí levábanse, sobre todo, aos nenos para respirar este fume. Tamén se ía ás estacións de tren na Coruña e arredores para que o fume que saía das antigas máquinas de vapor entrase nas vías respiratorias axudando a combater a tosferina.

A SOMBRA, ZÁZARO, NACIDAS,...

Outra das doenzas máis coñecidas sen dúbida, é a *sombra* tamén coñecida como *mal da sombra* ou *aire*. Hoxe está máis en desuso que a tiriza, cuxos remedios aínda se utilizan en contadísimas ocasións.

Esta enfermidade caracterízase por unha sintomatoloxía variada e, aínda que tamén afecta a animais e a persoas adultas, faíno principalmente aos nenos dende as máis temperás idades, mesmo cando están no ventre da súa nai. O enfermo perde o apetito, deixa de comer sumíndose até extremos incríbeis, ficando sen carne sobre os ósos e enrugándose a pel, sobre todo a da cara, parecendo vellos prematuros. Así mesmo, atópase esgotado, retrasándose o seu crecemento e, en caso de non atallalo, prodúcese a morte.

A *sombra* prodúcese por estar perto de determinados elementos que irradian, por así dicir, certo poder negativo. Pódena transmitir persoas (mulleres coa regra, mulleres preñadas, paridas, malas mulleres, persoas envexosas, defuntos), animais (arañas, salamántigas, alacrás, cobras, gatos en xaneira, gatiños recién nados, gatas preñadas, toupas en cío, galiñas chocas), lugares especiais (encrucilladas, cemiterios), astros (lúa, estrelas).

Imos tratar aquí a enfermidade da *sombra* ou do *aire* no seu sentido máis estrito, xa que moitos autores inclúen como *mal da sombra* outras enfermidades diferentes, como o *tangaraño*, *solta*, *envexa*, *mal de ollo*, que nesta zona son considerados como outros tipos de males. Certo é que ás veces a sintomatoloxía é parecida. Así, por exemplo, nós dicimos que a *sombra* poden causala persoas envexosas mais neste caso transmiten o mal involuntariamente, xa que se produce por estar perto delas. Cando se produce voluntariamente, é dicir, cando o individuo, co seu poder, quere que enfermemos, ao mal chamáremolo envexa ou envidia. Sabemos tamén que certos animais dos que aquí falamos como a salamántiga, a araña, o alacrán, producen enfermidades infecciosas por contacto directo. Os gatiños recién nados transmiten a *tiña*, mais non podemos incluír neste apartado da *sombra* estas enfermidades de sintomatoloxía e curación moi diferente que, ademais, non se transmiten a distancia como é o caso da *sombra*. Tamén no caso dos astros, o povo non inclúe como enfermidade de *sombra* aqueles que, transmitidos a distancia, presentan síntomas e curacións moi distintas, como as verrugas, producidas

polas estrelas ou as insolacións, queimaduras, *rosas* etc producidas polo sol. Nós, polo tanto, todas estas enfermidades tratarémolas noutros apartados.

Observamos o rol social que xogan esta e outras enfermidades nas sociedades tradicionais. Así, o machismo imperante, xa que moitas destas enfermidades eran transmitidas pola muller (mala muller, preñada, parida) e tamén os tabúes que asustaban, e aínda hoxe asustan, como o sexo (muller preñada, parida, coa regra, gatas preñadas, paridas, gatos en xaneira, toupas en cíó, galiñas chocas) ou a morte (defuntos, cemiterios, encrucilladas). Non esquezamos que nas encrucilladas se enterraban os nenos sen bautizar. Así, por exemplo en Gosende-Tabeaio-Carral, existe a encrucillada da Cruz dos Setes, na que, falan os vellos, aínda hoxe se senten pola noite os choros dos infantes alí soterrados. Tamén nas encrucilladas aparecían as estadeas que, como xa sabemos, eran procesións de mortos que vagaban polos camiños.

Diremos que a *sombra* máis terríbel era a de defunto e a de cemiterio, que contaxiaba incluso aos nenos cando estaban no ventre das súas nais, polo que non debían asistir a velorios, enterros ou pasar perto do cemiterio. Isto é moi típico de toda Galiza. Na nosa zona, incluso na mesma Coruña, tñíase conta desta circunstancia, xa que non esquezamos que, a pesar do matiz de modernidade que imprimía a cidade, perviven, en contra do que puideramos pensar, moitas destas tradicións.

Para curar a *sombra* había que recorrer ao curandeiro. A el podía ir a persoa afectada ou, simplemente, sobre todo se se trataba dun neno, bastaba con levarlle unha muda que estivese en contacto coa pel do doente. O curandeiro íanos dicir primeiro que clase de enfermidade tiña e, se era a *sombra*, que clase de *sombra* era, é dicir, que elemento a produciu e como había que curala.



Artesa.

Xeralmente nos din que, unha vez feito o remedio que, como veremos, duraba varios días, a curación era completa. Xa aos dous ou tres días de iniciado se notaba unha mellora importante, así, recuperábase o apetito, a carne comezaba a volver aos ósos, recuperábanse as forzas e o ánimo.

Un dos métodos recollidos nas zonas de Carral, Culleredo, Cambre e Abegondo, para coñecer o tipo de *sombra* era o seguinte: sobre as 12 da noite íase por auga a unha fonte que nunca secase. As veces ían dúas persoas, mais sempre en silencio e indo por un camiño e voltando por outro. Ao mesmo tempo recollíase na lareira, un martes e un venres, debaixo do pote, cinza limpa. Mesturábase auga e cinza e botábase a través dunha peneira posta ao revés, sobre o enfermo, lavando a este tamén ao revés, é dicir, comezando polos pés e rematando pola cabeza. Naturalmente necesitábanse dúas persoas, unha que lavase o enfermo e outra que lle botase a auga con cinza peneirada. Toda esta auga suxa de lavar o doente recollíase nun recipiente e seguidamente vertíase sobre un pano ou unha sába branca. Víase que a cinza facía distintas figuras sobre este pano e así podíamos saber o tipo de *sombra* que era. Así, se as figuras parecían pelos sería *sombra* de gato, se formaba como lías de sangue sería de mulleres coa regra, se tiña forma de plumas era de galiña choca, se aparecían cruces, de cemiterio, encrucillada ou defunto. Tamén podían aparecer figuras como araña, salamántiga... Retorcíase logo a saba vertendo a auga nun recipiente de barro virxe, é dicir, que nunca fose usado. Levábase este a unha encrucillada, á que se ía por un camiño e volvíase polo outro, e tirábase para atrás por riba do ombro, procurando que rompese, se isto non sucedía, a persoa que ía ao lado tiña que escachalo.

Escusado é dicir que todo este rito transcorría pola noite e en silencio.

Recoñecido o tipo de *sombra*, había que proceder á súa curación, que podía facerse de diferentes maneiras. A primeira forma é moi parecida ao proceso que acabamos de describir para coñecer o seu tipo. Consistía en ir recoller pola noite auga dun número impar de fontes que nunca secasen. Polo xeral fálannos de tres fontes. Como sempre, silencio, ir por un camiño e volver por outro e incluso saír da casa por unha porta e entrar pola outra. Lavábase logo ao doente dos pés á cabeza coa auga recollida e logo tirábase esta nunha encrucillada. Isto había que facelo durante nove días e un sen contar.

Un dos métodos máis utilizados era o do forno de pedra que había nas casas para cocer o pan. Unha vez cocido o pan, cando o forno aínda estaba quente, collíase ao neno enfermo, espíase e envolvíase nunha manta enchoupada. Logo colocábase na pá do forno, atando o neno envolto na sába para que non caese, e metíase e sacábase inmediatamente nove veces e unha sen contar. Feito isto durante nove días e un sen contar collíase a roupa vella do neno e queimábase, poñéndolle roupa que nunca utilizara, a poder ser roupa de festa.

Finalmente, outro método era o da artesa. Isto era feito tamén pola noite por dúas persoas, preferentemente de nome María, aínda que tamén valían os Pedro e os Xan, nomes todos eles sagrados. Ponse cada un a un lado da artesa e pasan o neno nove veces e unha sen contar por debaixo da artesa dicíndolle unha a outra:

- *Toma María.*
- *¿Que me das?*
- *Un abraiado.*
- *Deus o reciba san e salvo.*



Os antigos fornos de pan esmorecen na comarca das Mariñas (imaxes de Beira, Carral).

Logo ambas as dúas recitaban un Noso Pai e un Ave María.

Canto ao gando, para *cortarlle o aire*, recollemos na zona de Abegondo e Carral o seguinte método de curación que por aquí chaman *facer polo aire*. Pola noite ponse o sanador ao lado esquerdo do animal afectado e faille unha cruz desde o final da cabeza até os cadrís. Os brazos da cruz irían até o van do animal, é dicir, o ventre. No ventre do animal fariáanse tamén dúas cruces, unha no lado esquerdo e outra no dereito. Logo cóllense pelos do rabo, da cabeza e dos cadrís e colócanse enriba dos cadrís, engadíndolle unhas areas de sal. O sanador sopla todo para fóra do animal, cara a parte traseira. Isto repítese *nove veces e unha polo demo*.

Sacarlle o aire ao animal utilizábase tamén ás veces como medida de prevención antes de tratarlle outras enfermidades, como por exemplo as *nacidas*, que eran tumores virulentos, gangrenosos e malignos que provocaban infección do sangue. Atacaba aos cabalos, bois, porcós... producíndolles a morte en poucos días, incluso horas. Os tumores saían sobre todo na boca, gorxa ou pel. O animal tomaba unha cor encarnada e presentaba sangue nas feces. Era unha enfermidade moi contaxiosa, podendo acabar cos animais da aldea e podía afectar incluso ás persoas. Os paisanos crían que se transmitía polas picaduras de moscas ou outros insectos.

Cando o caso afecta a un só animal hai que facerlle primeiro *polo aire*, como describiamos anteriormente e logo meterlle á forza na boca medio cuartillo de vinagre, medio de aceite, medio de augardente e a clara dun ovo, todo mesturado e batido. Ao mesmo tempo, no sitio onde estaba o tumor, póiñenselle ao animal ladrillos ou ferros recén sacados do lume co fin de baixarllo. Tamén se recorría á famosa *triacá*, un medicamento de formulación case

secreta que tamén se utilizaba contra cólicos, trozón, mordeduras e picaduras de animais etc. Nela utilizábanse como mínimo tres plantas, entre as que destacaba a *Veronica officinalis*, que xa se coñecía como *herba da triaca*. Unha das moitas preparaci3ns da *triaca* sería a feita con *veronica*, raíz de xenciana, aristoloquia, baías de loureiro e mirto, moendo todo e mesturándoo con mel virxe para facer unha pomada.

Debido a que esta enfermidade era moi contaxiosa había que impedir que o animal saíse da corte e incluso se queimaba nela loureiro e romeu para purificar o aire. Era bo tamén regar os camiños da aldea.

Unha sombra particular era a do *zázaro*, que afectaba os animais que pasaban sobre toupeiras onde había toupas en cío. Neste caso, aparte dos típicos síntomas da *sombra*, ao animal saíanlle grans na cara. Estes grans curábanse cunha untura contra o herpes, e *cortábaselle o aire* ao animal coa beiz3n do *zázaro*, *zázaro*. Collíase encaldada na maseira onde comían os porcos e facíanselle cruces soltando esa comida no final da cabeza do animal, cadrís e van. Faise isto nove veces e unha polo demo segundo recollemos en Abegondo.

Dentro da *sombra dos astros* destacaremos a da lúa e a dos eclipses.

Sabemos que a *sombra da lúa* afectaba principalmente aos nenos, e pola noite había que pechar as fiestras para que a lúa non lles dese na cara, xa que aparte dos síntomas da *sombra* podía producirilles a *tiriza*. Na xente maior a influencia da lúa pode producir tamén certos desordes mentais que aumentaban ou disminuían segundo as fases deste astro.

Aos animais afectáballes tamén ao cerebro, poñéndoos nerviosos, o que facía que non se adecuasen ben ao traballo. Se o animal tiña *sombra de lúa* víaselle nos ollos, xa que aparecían con manchas que medraban no crecente e disminuían no minguante. Para curalo había que purgar o animal, impedir que comese vexetais verdes e racionarlles o penso. Era bo darlle auga con mel ou con azucre; lavávaselle os ollos con fiuncho e, cando o caso era moi grave, pinchábase cun ferro quente entre as vértebras do pescozo.

Os eclipses ademais de anunciar (algunha xente así o pensa aínda hoxe) enfermidades, guerras, pestes ou anos de fame (dicíase que a Guerra civil española foi antecedida por un eclipse), tamén producían unha sombra perxudicial e, o mellor, era recollerse na casa cando este tiña lugar. As colleitas e os froitos da horta non debían ser collidos até 24 horas despois e o gando non debía pastar durante ese tempo e, en caso de facelo, o seu leite non debía ser consumido até pasar un día.

Dunha forma xa máis secundaria, que non é a típica *sombra* da que estamos a falar mais si que ten algo que ver, é a producida por certas árbores. O paisano que traballaba ou durmía á súa sombra sufría unhas consecuencias que podían positivas ou negativas dependendo da árbore da que se tratase. As sombras máis negativas eran as de figueira e as de nogueira, que podían causar a *tiriza*. Para curala había que cortar ás 12 da noite cunha navalla parte da pelexa do tronco da árbore causante e enterrala ao lado. Tamén era sombra negativa a do castiñeiro. Pola contra era boa a de piñeiros, carballos e eucaliptos.

A PALETA CAÍDA. A *Pedra da ara*

Era tamén unha das doenzas máis coñecidas polos nosos pais e avós. A *paleta* era un óso situado na boca do est3mago que caía ás veces tapándoa e producindo trastornos de tipo dixestivo. Segundo nos din en Sergude, se *caía a paleta* co est3mago cheo xa non tiñas ganas de comer nada, se caía cando tiñas fame comías como un le3n, mais a comida non che era de proveito, isto supoñía esgotamento físico e incluso *pasmadura*, andabas

sen ganas de falar con ninguén e non sentías frío nin calor, podendo andar a pleno sol con abrigo de inverno, ou ao revés, en pleno inverno sen nada posto. O doente estaba *seco*, *sen sangue*. Outro dos seus síntomas era a dor de ósos, sobre todo nas costas. Era unha enfermidade que, de non ser ben tratada, podía levar á morte.

Aínda que o curandeiro era o especialista en tratar esta doenza, co tempo, moitos paisanos curábana sen necesidade de especialista. Se o tratamento era ben feito, o enfermo, aos poucos días xa notaba a mellora, e aos oito estaba totalmente curado, aínda que outra xente nos fala de quince días para a total recuperación.

Primeiro, naturalmente, o curandeiro tiña que saber se a enfermidade do paciente era a

caída da paleta. A forma de sabelo era sentando o enfermo no chan, aínda que tamén podía servir un tallo baixo ou a esquina da lareira. Facíanlle estirar as pernas até que os pés estivesen á mesma altura. Para axudar a igualalos era bó dar tres patadiñas nos nocellos do enfermo. Logo podían usarse polo menos dous métodos diferentes. O máis usado é que o enfermo deixase as mans mortas, o curandeiro erguíaalle os brazos por riba da cabeza xuntando as mans, se a punta dos dedos quedaba á mesma altura a *paleta* estaba ben, senón, estaba a *paleta caída*. Outro método recollido en Cambre é que o curandeiro lle levantaba tamén así os brazos mais as mans se cerraban, xuntábanse ambas as dúas e medíase a altura dos polgares, se un quedaba máis baixo que outro, había *paleta caída*.

Para curala había tamén diversas variantes. En Cambre dinnos que había que erguer ao paciente, poñerlle os brazos cruzados tocando cada unha das mans o ombro contrario. O sanador poñíalle o xeonllo nas costas e erguía no aire facéndolle chocar os ósos. Noutros moitos lugares o normal era que o enfermo seguise sentado e colocase as mans unha sobre outra enriba da cabeza e o sanador dáballo unha palmada nas mans. En Arteixo recollemos que, despois disto, ao enfermo había que estirallo os brazos e agarrarlle os dedos facéndollos chocar. Na Coruña, pola contra, logo de dar a palmada nas mans, o enfermo tiña que beber un vaso de auga nun número impar de grolos e sen respirar.

Tamén podía curarse a quilómetros de distancia. Para iso había que ir informar ao curandeiro de que certa persoa padecía esta doenza. O curandeiro, en segredo, pronunciaba unhas verbas. O doente notaba xa, na súa casa, que o remedio se estaba a producir e experimentaba ao mesmo tempo unha mellora. Un destes ensalmos secretos recolleuno Marcos Pereiro, de Liñares (Culleredo), na parroquia de Sueiro, tamén en Culleredo:



Altar da igrexa de Sergude (Carral).

*Auga do río
vai para o mar
e os curas
para o seu altar
e a paleta do (aquí diríase o nome do doente)
vai para o seu lugar.*

Ensalmos que se repetían tres veces acompañado cada vez de un Noso Pai e un Ave María. Se o enfermo se enganaba e non tiña a *paleta caída* e se lle facía este ensalmo, inmediatamente empezaba a sufrir esta enfermidade

Outra forma diferente de curar a *paleta* era coa *pedra do ara*.

A *pedra da ara* era a pedra que facía de mesa do altar. Sobre ela poñíase o mantel e o cura oficiaba alí, poñendo sobre ela a hostia consagrada e o viño, ou sexa, o corpo e o sangue de Cristo, de aí os seus poderes máxicos.

No caso dun dos nosos informantes di que el a conseguiu porque esta pedra romperá e o sacristán foi distribuindo os seus cachos entre parentes e amigos. Estes cachos podían ir fragmentándose cada vez máis e darlla á xente que tiña problemas coa *paleta* ou outras doenzas, xeralmente de tipo circulatorio.

Polo xeral cada individuo tiña dous anacos, un por cada muda, e levábase nunha bolsiña de lenzo unida á camiseta por un imperdible, sempre en contacto coa pel. A *pedra da ara* non podía tocar a auga e había que desprendela da camiseta cando esta se ía lavar. Outro detalle importante era que ningunha muller podía tocala, xa que auga e muller facíanlle perder as súas propiedades. A *pedra do ara* levábase cando se producía a *caída da paleta*, e tamén se utilizaba cando doían as articulacións, así, no caso dunha dor no xeonllo bastaba con colocala nela para que a curación fose case inmediata. Falannos de que xente desafiuzada polos médicos curaba rapidamente con ela como lle pasou a un ancián que tiña o corazón máis grande que a caixa ou a un rapazote que andaba *pasmado*, con graves problemas circulatorios e que segundo un dos nosos informantes, «íá directamente para a caixa».